

RESOLUCIÓN POLA QUE SE SUBSTITÚE O REPRESENTANTE DOS TRABALLADORES E DAS TRABALLADORAS DA COMISIÓN DE SELECCIÓN DA PRAZA 24/4011

Feitos

Con data do 27/02/2025, o representante dos traballadores e das traballadoras da comisión de selección da praza 24/4011, de profesor/a axudante doutor/a do Departamento de Empresa (convocada por Resolución reitoral do 12 de novembro de 2024), Manuel Martínez Carballo, comunica que incorre con algún/ha candidato/a en conflitos de interese dos establecidos no Real decreto 678/2023, de 18 xullo, polo que se regula a acreditación estatal para o acceso aos corpos docentes universitarios e o réxime dos concursos de acceso a prazas de ditos corpos:

Con data do 05/03/2025, o presidente do Comité de Empresa propón como novo representante a Félix Blázquez Lozano.

Consideracións legais e técnicas

Os apartados 6.4 e 6.5 da Normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador interino e laboral contratado (aprobada polo Consello de Goberno do 30 de abril de 2014), establecen o procedemento para a substitución dos membros das comisións de selección que, por causa xustificada e así apreciada polo reitor, non poidan actuar como membros da comisión.

No presente caso a causa alegada xustifica a súa substitución.

Esta reitoría é competente para resolver segundo o artigo 36 dos estatutos desta universidade, aprobados por Decreto da Xunta de Galicia 101/2004, do 13 de maio, (DOG do 26).

De acordo con todo o que foi indicado, dispón a substitución do seguinte membro da comisión de selección da praza 24/4011:

Substitución de Manuel Martínez Carballo por Félix Blázquez Lozano como Representante dos Traballadores e das Traballadoras.

A Coruña, na data da sinatura electrónica
Por delegación do reitor (R.R. 10/07/2024)
A vicerreitora de Profesorado
María Teresa López Fernández